

F -1



Fernando Alonso Díaz é o campión da Fórmula 1 por segunda vez e convértese no bicampión máis novo da historia da formula 1.

O piloto de McLaren nace o 29 de xullo de 1981 en Oviedo (Principado de Asturias) aínda que reside en Oxford (Inglaterra) e sempre que pode desprázase ata a súa terra natal.

A súa sinxeleza é unha das súas calidades máis prezadas, encántalle gastar bromas e gústalle pasalo ben cos seus achegados. A madurez de Fernando é superior á que lle correspondería por idade debido ás moitas viaxes que fixo por causa das competicións. Tamén se caracteriza por ser discreto, tomando exemplo dos rumores do seu casamento con Raquel del Rosario, membro do grupo musical "El Sueño de Morfeo", e nin eles o afirman nin o desmenten.

El é un apaixonado dos deportes e gústalle o cine, especialmente as películas de terror, ademais dedica o



seu tempo libre á lectura.

Dende moi cativo, Alonso tiña claro o seu obxectivo: ser o número un no automobilismo. Así foi, consegue ser o bicampión mundial da Fórmula 1 mediante esforzo, traballo e amor ao seu traballo. E non só consegue iso senón o cariño de todos os españois e de outros países que o apoian acudindo aos circuitos a velo ou sentándose diante do televisor vivindo con intensidade os

grandes premios.

O asturiano pasou por Minardi/Cosworth e Renault, e foi con este último co que conseguiu o bicampionato mundial da Fórmula 1, pero actualmente compite co equipo Vodafone McLaren Mercedes.

Ten como compañeiros o británico Lewis Hamilton e o catalán Pedro Martínez de la Rosa, e os seus máximos rivais actualmente son os dous pilotos do equipo Ferrari o finés Kimi Raikkonen e o brasileiro Felipe Massa os cales poñeránlo complicado, pero non imposible.

O noso paisano non o terá nada fácil, pero co noso apoio acadará o seu terceiro título mundial consecutivo.

Unha aperta para os lectores, un bico para os fans da formula1 e un saúdo para todos e todas.

ADRIANA ESTÉVEZ ROCA 2ºBACH B

